



NORMATIVA PARA CAMBIO DE GRUPO 2020/21

Os grupos de docencia dos graos publícanse na web do centro cando remata o prazo de matrícula. Nótese que os primeiros días dada a situación sanitaria estes grupos son **provisionais** e puntualmente o centro poderá facer axustes no caso de se producir problemas de descompensacións.

Establécense **dous prazos** nos que se poden solicitar cambios de grupos de prácticas:

- 16 ao 25 de setembro de 2020 (materias 1º e 2º cuadrimestre).
- 1 ao 9 de febreiro de 2021 (materias 2º cuadrimestre).

Considerarase a aceptación de **permutas** (intercambios) de grupos entre alumnado.

Considerarase a aceptación de cambios de grupo **individuais** motivados polas seguintes **causas, entregando documentación acreditativa**:

- Incompatibilidade laboral acreditada (con copia de contrato e horario de traballo selado pola entidade contratante).
- Cargas familiares debidamente xustificadas.
- Deportistas de Alto Nivel que acrediten esta condición.
- Matrícula no curso de Adaptación ao Grao.

EN XERAL, NON SE ADMITIRÁN CAMBIOS DE GRUPOS QUE SE IMPARTAN DE XEITO PRESENCIAL. NESTES CASOS SÓ SE CONCEDERÁN PERMUTAS. CHEGADO O CASO PODERÁNSE ESTUDAR EXCLUSIVAMENTE SE NON PRODUCEN DESCOMPENSACIÓNS PREVIA CONSULTA CO PROFESORADO

Estudaranse outras posibles causas alegadas polo alumnado, pero, en particular, **NON se aceptarán cambios motivados por**:

- Superposicións de horario de materias de diferentes cursos.
- Incompatibilidade laboral non acreditada.

- Simultaneidade con outros estudos.
- Problemas de transporte.
- Adestramento deportivo.

Os formularios de solicitude están dispoñibles no apartado de Organización Académica da web da facultade. Subiranse escaneados no formulario dispoñible na Secretaría Virtual:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/6152